

tir do 25 de decembro de 2002 que finalizasen antes da entrada en vigor deste regulamento, sempre que as entidades sen fins lucrativos se acollan ó dito réxime, de acordo co establecido no seu artigo 1, dentro dos tres meses seguintes á entrada en vigor deste regulamento.

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

19572 *REAL DECRETO 1277/2003, do 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servicios e establecementos sanitarios. («BOE» 254, do 23-10-2003.)*

A Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, no seu artigo 27.3 establece que mediante real decreto se determinarán, con carácter básico, as garantías mínimas de seguraza e calidade que, acordadas no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, deberán ser esixidas para a regulación e autorización por parte das comunidades autónomas da apertura e posta en funcionamento no seu respectivo ámbito territorial dos centros, servicios e establecementos sanitarios. No seu artigo 26.2 dispón que o Rexistro xeral de centros, establecementos e servicios sanitarios do Ministerio de Sanidade e Consumo será de carácter público e permitiralles ós usuarios coñecer-los centros, establecementos e servicios, de calquera titularidade, autorizados polas comunidades autónomas.

Así mesmo, a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, no seu artigo 29.1 establece que os centros e establecementos sanitarios, calquera que sexa o seu nivel, categoría ou titular precisarán autorización administrativa previa para a súa instalación e funcionamento, así como para as modificacións que respecto da súa estrutura e réxime inicial se poidan establecer. O artigo 29.2 determina que a previa autorización administrativa se referirá tamén ás operacións de cualificación, acreditación e rexistro do establecemento e que as bases xerais sobre cualificación, rexistro e autorización serán establecidas por real decreto. No artigo 40.9 da citada lei prevese a existencia dun catálogo e rexistro xeral de centros, servicios e establecementos sanitarios no que se recollerán as decisións, comunicacións e autorizacións das comunidades autónomas, de acordo coas súas competencias.

A finalidade deste real decreto é regula-las bases do procedemento de autorización de centros, servicios e establecementos sanitarios, establecer unha clasificación, denominación e definición común para todos eles, e crear un rexistro e un catálogo xeral dos ditos centros, servicios e establecementos, de conformidade co disposto nos artigos 29.1 e 2 e 40.9 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e no artigo 26.2 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde.

A clasificación, as denominacións e as definicións contidas nesta disposición constitúen os criterios xerais para proceder posteriormente, en desenvolvemento do artigo 27.3 da mencionada Lei 16/2003, á determinación, con carácter básico, das garantías mínimas e comúns de seguraza e calidade que deberán esixilas comunidades autónomas para autoriza-la apertura e a posta en funcionamento dos centros, servicios e establecementos sanitarios.

Non é propósito deste real decreto ordena-las profesións sanitarias, nin limita-las actividades dos profesionais, senón senta-las bases para as garantías de seguraza e calidade da atención sanitaria.

No procedemento de elaboración desta disposición xeral emitiron informe as organizacións profesionais sanitarias, o Consello de Consumidores e Usuarios e o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e Consumo, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 10 de outubro de 2003,

DISPÕÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto:

a) Regula-las bases xerais do procedemento de autorización de centros, servicios e establecementos sanitarios polas comunidades autónomas.

b) Establecer unha clasificación, denominación e definición común para tódolos centros, servicios e establecementos sanitarios, públicos e privados, imprescindible para a creación dun rexistro xeral.

c) Establece-lo catálogo e o rexistro xeral de centros, servicios e establecementos sanitarios.

2. As disposicións deste real decreto aplicaranse a tódolos centros, servicios e establecementos sanitarios, públicos e privados, de calquera clase e natureza.

3. As disposicións deste real decreto non serán de aplicación, e regularanse pola súa normativa específica, a:

a) Os establecementos dedicados á distribución, importación ou elaboración de medicamentos ou produtos sanitarios.

b) Os servicios e as unidades técnicas de protección radiolóxica.

4. As disposicións deste real decreto serán de aplicación sen prexuízo das funcións e competencias profesionais que para o exercicio das profesións sanitarias e a realización das actividades profesionais correspondentes veñan establecidas pola normativa vixente.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto, enténdese por:

a) Centro sanitario: conxunto organizado de medios técnicos e instalacións no que profesionais capacitados, pola súa titulación oficial ou habilitación profesional, realizan basicamente actividades sanitarias co fin de mellora-la saúde das persoas. Os centros sanitarios poden estar integrados por un ou varios servicios sanitarios, que constitúen a súa oferta asistencial.

b) Servicio sanitario: unidade asistencial, con organización diferenciada, dotada dos recursos técnicos e dos profesionais capacitados, pola súa titulación oficial ou habilitación profesional, para realizar actividades sanitarias específicas. Pode estar integrado nunha organización cunha actividade principal que pode non ser sanitaria.

c) Establecemento sanitario: conxunto organizado de medios técnicos e instalacións no que profesionais capacitados, pola súa titulación oficial ou habilitación profesional, realizan basicamente actividades sanitarias de dispensación de medicamentos ou de adaptación individual de produtos sanitarios.

d) Actividade sanitaria: conxunto de accións de promoción, prevención, diagnóstico, tratamento ou rehabi-

litación, dirixidas a fomentar, restaurar ou mellora-la saúde das persoas, realizadas por profesionais sanitarios.

e) Autorización sanitaria: resolución administrativa que, segundo os requirimentos que se establezan, faculta un centro, servizo ou establecemento sanitario para a súa instalación, o seu funcionamento, a modificación das súas actividades sanitarias ou, se é o caso, o seu peche.

f) Requisitos para a autorización: requirimentos, expresados en termos cualitativos ou cuantitativos, que deben cumprilos centros, servizos e establecementos sanitarios para seren autorizados pola Administración sanitaria, dirixidos a garantir que contan cos medios técnicos, instalacións e profesionais adecuados para levar a cabo as súas actividades sanitarias.

g) Rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios: conxunto de anotacións de tódalas autorizacións de funcionamento, modificación e, se é o caso, instalación e peche dos centros, servizos e establecementos sanitarios, concedidas polas respectivas administracións sanitarias.

h) Catálogo de centros, servizos e establecementos sanitarios: relación ordenada de publicación periódica dos centros, servizos e establecementos sanitarios en funcionamento que recibiron autorización por parte das administracións sanitarias.

2. Para os efectos do disposto nesta norma, considéranse centros, servizos e establecementos sanitarios os que se recollen na clasificación que figura como anexo I deste real decreto, figurando a definición de cada un deles no anexo II.

Artigo 3. *Bases xerais de autorización.*

1. As autoridades sanitarias das comunidades autónomas autorizarán a instalación, o funcionamento, a modificación e, se é o caso, o peche de tódolos centros, servizos e establecementos sanitarios situados no seu ámbito territorial. Non obstante, no caso dos centros móbiles de asistencia sanitaria, definidos no anexo II, as comunidades autónomas poderán subscribir acordos ou convenios polos que unha autorización concedida a un centro móbil por unha delas será válida noutra sempre que exista previa comunicación do centro do inicio das súas actividades nesa comunidade e presentación da autorización da outra comunidade autónoma.

2. A autorización sanitaria de funcionamento é a que faculta os centros, servizos e establecementos sanitarios, públicos e privados, de calquera clase e natureza, para realizaren a súa actividade, e será esixida con carácter preceptivo polas comunidades autónomas de modo previo ó inicio desta. A autorización de funcionamento será concedida para cada establecemento e para cada centro sanitario, así como para cada un dos servizos que constitúen a súa oferta asistencial, que debe ser renovada, se é o caso, coa periodicidade que determine cada comunidade autónoma.

A autorización sanitaria de modificación é a que solicitarán os centros, servizos e establecementos sanitarios que realicen cambios na súa estrutura, na súa titularidade ou na súa oferta asistencial.

As autorizacións de funcionamento e de modificación serán concedidas polas autoridades sanitarias das comunidades autónomas trala comprobación de que os centros, servizos e establecementos sanitarios cumpren os requisitos establecidos para a adecuada realización das súas funcións.

A autorización de instalación poderá ser esixida polas comunidades autónomas para os centros, servizos e establecementos sanitarios de nova creación que impliquen realización de obra nova ou alteracións substanciais na súa estrutura ou instalacións, e a autorización de

peche, para aqueles que vaian finaliza-la súa actividade de modo definitivo.

3. Cando a normativa vixente lles atribúa competencias para autorizar en marcha dun centro no que se realizan actividades sanitarias a outras institucións ou órganos non sanitarios da Administración, estes terán que solicitar que aquel conte previamente coa autorización de funcionamento das autoridades sanitarias da correspondente comunidade autónoma.

4. As comunidades autónomas regularán os procedementos para a autorización da instalación, o funcionamento, a modificación ou o peche dos centros, servizos e establecementos sanitarios situados no seu ámbito territorial, os cales se deberán axustar ó disposto pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cada comunidade autónoma especificará respecto de cada tipo de procedemento os trámites e a documentación que deberá ser achegada polos solicitantes para verifica-lo cumprimento dos requisitos esixidos de acordo coa normativa vixente.

Artigo 4. *Requisitos dos centros, servizos e establecementos sanitarios.*

1. A clasificación, as denominacións e as definicións dos centros, servizos e establecementos sanitarios recollidas nos anexos I e II constitúen os criterios xerais para a posterior definición de requisitos mínimos comúns de autorización, así como para o establecemento do Rexistro xeral.

2. Os requisitos mínimos comúns para a autorización de instalación, funcionamento ou modificación dun centro, servizo ou establecemento sanitario serán determinados por real decreto para o conxunto e para cada tipo de centro, servizo e establecemento sanitario. Tratarase de requisitos dirixidos a garantir que o centro, servizo ou establecemento sanitario conta cos medios técnicos, instalacións e profesionais mínimos necesarios para desenvolve-las actividades ás que vai destinado.

Os requisitos mínimos poderán ser complementados en cada comunidade autónoma pola Administración sanitaria correspondente para os centros, servizos e establecementos sanitarios do seu ámbito.

Artigo 5. *Catálogo e Rexistro xeral de centros, servizos e establecementos sanitarios.*

1. De acordo co establecido no artigo 26.2 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, e no artigo 40.9 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, créase no Ministerio de Sanidade e Consumo un rexistro xeral de centros, servizos e establecementos sanitarios, no que se recollerán as decisións, comunicacións e autorizacións das comunidades autónomas en materia de autorización sanitaria, con respecto ós indicados centros, servizos e establecementos sanitarios.

2. O contido e a estrutura do Rexistro xeral estableceranse por orde do ministro de Sanidade e Consumo, logo de informe do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. Os datos de carácter persoal que se puidesen conter neste rexistro quedarán sometidos ó previsto pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. As comunidades autónomas responsabilizaranse de facilita-la información necesaria para manter permanentemente actualizado o mencionado rexistro, que se xestionará baixo a responsabilidade do Ministerio de Sanidade e Consumo.

4. O Rexistro xeral de centros, servicios e establecementos sanitarios terá carácter público e informativo.

5. Periodicamente poderase publicar un catálogo que recolla a información procedente do Rexistro xeral, relativa ós centros, servicios e establecementos sanitarios en funcionamento.

Artigo 6. Identificación dos centros, servicios e establecementos sanitarios autorizados.

1. Os centros, servicios e establecementos sanitarios autorizados polas comunidades autónomas para o seu funcionamento terán en lugar visible un distintivo que lles permita ós usuarios coñecer que recibiron a dita autorización e o tipo de centro, coa súa oferta asistencial, ou establecemento de que se trata, de acordo coa clasificación establecida no anexo I.

2. Soamente os centros, servicios e establecementos sanitarios autorizados poderán utilizar na súa publicidade, sen que induza a erro, termos que suxiran a realización de calquera tipo de actividade sanitaria, limitándose aquela ós servicios e actividades para os que contén con autorización, debendo consignar na dita publicidade o número de rexistro outorgado pola autoridade sanitaria da correspondente comunidade autónoma ó concederlle a autorización sanitaria de funcionamento ou a autorización específica de publicidade sanitaria.

Disposición adicional única. Rede sanitaria militar.

1. Con respecto a tódolos centros, establecementos e servicios integrados na rede sanitaria militar, as competencias administrativas previstas neste real decreto en materia de autorizacións sanitarias de instalación, funcionamento, modificación e, se é o caso, peche serán exercidas pola Inspección Xeral de Sanidade da Defensa.

2. A Inspección Xeral de Sanidade da Defensa facilitaralle ó Ministerio de Sanidade e Consumo a información necesaria para manter permanentemente actualizado o rexistro xeral de centros, establecementos e servicios sanitarios, no que respecta ós integrados na rede sanitaria militar.

Disposición transitoria única. Prazo de adaptación.

Concédesese un prazo de 18 meses desde a entrada en vigor deste real decreto para que as condicións de autorización dos centros, servicios e establecementos sanitarios, así como a súa clasificación e rexistro, se adapten ó establecido nesta norma.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto e, en particular, o Real decreto 2177/1978, do 1 de setembro, sobre rexistro, catalogación e inspección de centros, servicios e establecementos sanitarios.

Disposición derradeira primeira. Carácter básico.

Este real decreto ten carácter de norma básica en virtude do establecido no artigo 149.1.16.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. Habilitación normativa.

Facúltase o ministro de Sanidade e Consumo para dictar cantas disposicións requira a aplicación do disposto neste real decreto, así como para a actualización da clasificación e das definicións dos centros, servicios e establecementos sanitarios e unidades asistenciais ás que se refiren os seus anexos.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de outubro de 2003.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade e Consumo,
ANA MARÍA PASTOR JULIÁN

ANEXO I

Clasificación de centros, servicios e establecementos sanitarios

Centros sanitarios	Oferta asistencial
C.1 <i>Hospitais (centros con internamento).</i>	U.1 Medicina xeral/de familia.
C.1.1 Hospitais xerais.	U.2 Enfermería.
C.1.2 Hospitais especializados.	U.3 Enfermería obstétrico-xinecolóxica (matrona).
C.1.3 Hospitais de media e longa estadía.	U.4 Podoloxía.
C.1.4 Hospitais de saúde mental e tratamento de toxicomanías.	U.5 Vacinación.
C.1.90 Outros centros con internamento.	U.6 Alergoloxía.
C.2 <i>Provedores de asistencia sanitaria sen internamento.</i>	U.7 Cardioloxía.
C.2.1 Consultas médicas.	U.8 Dermatoloxía.
C.2.2 Consultas doutros profesionais sanitarios.	U.9 Aparello dixestivo.
C.2.3 Centros de atención primaria.	U.10 Endocrinoloxía.
C.2.3.1 Centros de saúde.	U.11 Nutrición e dietética.
C.2.3.2 Consultorios de atención primaria.	U.12 Xeriatria.
C.2.4 Centros polivalentes.	U.13 Medicina interna.
C.2.5 Centros especializados.	U.14 Nefroloxía.
	U.15 Diálise.
	U.16 Pneumoloxía.
	U.17 Neuroloxía.
	U.18 Neurofisioloxía.
	U.19 Oncoloxía.

Centros sanitarios	Oferta asistencial
C.2.5.1 Clínicas dentais.	U.20 Pediatría.
C.2.5.2 Centros de reprodución humana asistida.	U.21 Cirurxía pediátrica.
C.2.5.3 Centros de interrupción voluntaria do embarazo.	U.22 Coidados intermedios neonatais.
C.2.5.4 Centros de cirurxía maior ambulatoria.	U.23 Coidados intensivos neonatais.
C.2.5.5 Centros de diálise.	U.24 Reumatoloxía.
C.2.5.6 Centros de diagnóstico.	U.25 Obstetricia.
C.2.5.7 Centros móbiles de asistencia sanitaria.	U.26 Xinecoloxía.
C.2.5.8 Centros de transfusión.	U.27 Inseminación artificial.
C.2.5.9 Bancos de tecidos.	U.28 Fecundación in vitro.
C.2.5.10 Centros de recoñecemento médico.	U.29 Banco de seme.
C.2.5.11 Centros de saúde mental.	U.30 Laboratorio de seme para capacitación espermática.
C.2.5.90 Outros centros especializados.	U.31 Banco de embrións.
C.2.90 Outros provedores de asistencia sanitaria sen Internamento.	U.32 Recuperación de oocitos.
	U.33 Planificación familiar.
C.3 <i>Servicios sanitarios integrados nunha organización non sanitaria.</i>	U.34 Interrupción voluntaria do embarazo.
	U.35 Anestesia e reanimación.
	U.36 Tratamento da dor.
	U.37 Medicina intensiva.
	U.38 Queimados.
	U.39 Anxioloxía e cirurxía vascular.
	U.40 Cirurxía cardíaca.
	U.41 Hemodinámica.
	U.42 Cirurxía torácica.
	U.43 Cirurxía xeral e dixestivo.
	U.44 Odontoloxía/estomatoloxía.
	U.45 Cirurxía maxilofacial.
	U.46 Cirurxía plástica e reparadora.
	U.47 Cirurxía estética.
	U.48 Medicina cosmética.
	U.49 Neurocirurxía.
	U.50 Oftalmoloxía.
	U.51 Cirurxía refractiva.
	U.52 Otorrinolaringoloxía.
	U.53 Uroloxía.
	U.54 Litotricia renal.
	U.55 Cirurxía ortopédica e traumatoloxía.
	U.56 Lesionados medulares.
	U.57 Rehabilitación.
	U.58 Hidroloxía.
	U.59 Fisioterapia.
	U.60 Terapia ocupacional.
	U.61 Logopedia.
	U.62 Foniatría.
	U.63 Cirurxía maior ambulatoria.
	U.64 Cirurxía menor ambulatoria.
	U.65 Hospital de día.
	U.66 Atención sanitaria domiciliaria.
	U.67 Coidados paliativos.
	U.68 Urxencias.
	U.69 Psiquiatría.
	U.70 Psicoloxía clínica.
	U.71 Atención sanitaria a drogodependentes.
	U.72 Obtención de mostras.
	U.73 Análises clínicas.
	U.74 Bioquímica clínica.
	U.75 Inmunoloxía.
	U.76 Microbioloxía e parasitoloxía.
	U.77 Anatomía patolóxica.
	U.78 Xenética.
	U.79 Hematoloxía clínica.
	U.80 Laboratorio de hematoloxía.
	U.81 Extracción de sangue para doazón.
	U.82 Servicio de transfusión.

Centros sanitarios	Oferta asistencial
	U.83 Farmacia. U.84 Depósito de medicamentos. U.85 Farmacoloxía clínica. U.86 Radioterapia. U.87 Medicina nuclear. U.88 Radiodiagnóstico. U.89 Asistencia a lesionados e contaminados por elementos radioactivos e radiacións ionizantes. U.90 Medicina preventiva. U.91 Medicina da educación física e o deporte. U.92 Medicina hiperbárica. U.93 Extracción de órganos. U.94 Transplante de órganos. U.95 Obtención de tecidos. U.96 Implantación de tecidos. U.97 Banco de tecidos. U.98 Medicina aeronáutica. U.99 Medicina do traballo. U.100 Transporte sanitario (estrada, aéreo, marítimo). U.101 Terapias non convencionais. U.900 Outras unidades asistenciais.

Establecementos sanitarios:

- E.1 Oficinas de farmacia.
- E.2 Boticas anexas.
- E.3 Ópticas.
- E.4 Ortopedias.
- E.5 Establecementos de audiopróteses.

ANEXO II

Definicións de centros, unidades asistenciais e establecementos sanitarios

CENTROS SANITARIOS

C.1 Hospitais (centros con internamento): centros sanitarios destinados á asistencia especializada e continuada de pacientes en réxime de internamento (como mínimo unha noite), coa finalidade principal do diagnóstico ou tratamento dos enfermos ingresados nestes, sen prexuízo de que tamén presten atención de forma ambulatoria.

C.1.1 Hospitais xerais: hospitais destinados á atención de pacientes afectos de diversa patoloxía e que contan coas áreas de medicina, cirurxía, obstetricia e xinecoloxía e pediatría. Tamén se considera xeral cando, mesmo faltando ou estando escasamente desenvolvida algunha destas áreas, non se concentre a maior parte da súa actividade asistencial nunha determinada.

C.1.2 Hospitais especializados: hospitais dotados de servizos de diagnóstico e tratamento especializados que dedican a súa actividade fundamental á atención de determinadas patoloxías ou de pacientes de determinado grupo de idade ou con características comúns.

C.1.3 Hospitais de media e longa estada: hospitais destinados á atención de pacientes que precisan cuidados sanitarios, en xeral de baixa complexidade, por procesos crónicos ou por teren reducido o seu grao de independencia funcional para a actividade cotiá, pero que non se poden proporcionar no seu domicilio, e requiren un período prolongado de internamento.

C.1.4 Hospitais de saúde mental e tratamento de toxicomanías: hospitais destinados a proporcionar diagnóstico, tratamento e seguimento da súa enfermidade ós pacientes que precisan ser ingresados e que sofren enfermidades mentais ou trastornos derivados das toxicomanías.

C.1.90 Outros centros con internamento: hospitais que non se axustan ás características de ningún dos grupos anteriores ou reúnen as de máis dun deles.

C.2 Provedores de asistencia sanitaria sen internamento: centros sanitarios nos que se prestan servizos de promoción da saúde, prevención, diagnóstico, tratamento e rehabilitación por profesionais sanitarios a pacientes que non precisan ingreso.

C.2.1 Consultas médicas: centros sanitarios onde un médico realiza actividades sanitarias. Tamén se consideran consultas, aínda que haxa máis dun profesional sanitario, cando a atención se centra fundamentalmente no médico e os restantes profesionais actúan de apoio a este.

C.2.2 Consultas doutros profesionais sanitarios: centros sanitarios onde un profesional sanitario (diferente de médico ou odontólogo) realiza actividades sanitarias. Tamén se consideran consultas aínda que haxa máis dun profesional sanitario cando a atención se centra fundamentalmente nun deles e os restantes actúan de apoio a este.

C.2.3 Centros de atención primaria: centros sanitarios sen internamento que atenden o individuo, a familia e a comunidade, desenvolvendo funcións de promoción da saúde, prevención, diagnóstico, curación e rehabilitación a través tanto dos seus medios básicos coma dos equipos de apoio á atención primaria.

C.2.3.1 Centros de saúde: son as estruturas físicas e funcionais que posibilitan o desenvolvemento dunha atención primaria de saúde coordinada globalmente, integral, permanente e continuada, e con base no traballo de equipo dos profesionais sanitarios e non sanitarios que actúan neles. Neles desenvolven as súas actividades e funcións os equipos de atención primaria.

C.2.3.2 Consultorios de atención primaria: centros sanitarios que, sen teren a consideración de centros de saúde, proporcionan atención sanitaria non especializada no ámbito da atención primaria de saúde.

C.2.4 Centros polivalentes: centros sanitarios onde profesionais sanitarios de diferentes especialidades exercen a súa actividade atendendo pacientes con patoloxías diversas.

C.2.5 Centros especializados: centros sanitarios onde diferentes profesionais sanitarios exercen as súas

respectivas actividades sanitarias atendendo pacientes cunhas determinadas patoloxías ou dun determinado grupo de idade ou con características comúns.

C.2.5.1 Clínicas dentais: centros sanitarios nos que se realizan actividades sanitarias no ámbito da saúde bucodental.

C.2.5.2 Centros de reprodución humana asistida: centros sanitarios nos que equipos biomédicos especialmente cualificados realizan técnicas de reprodución asistida ou as súas derivacións, así como os bancos de recepción, conservación e distribución do material biolóxico ou humano preciso.

C.2.5.3 Centros de interrupción voluntaria del embarazo: centros sanitarios onde se leva a cabo a práctica do aborto nos supostos legalmente permitidos.

C.2.5.4 Centros de cirurxía maior ambulatoria: centros sanitarios dedicados á atención de procesos subsidiarios de cirurxía realizada con anestesia xeral, local, rexional ou sedación, que requiren coidados postoperatorios de curta duración, polo que non necesitan ingreso hospitalario.

C.2.5.5 Centros de diálise: centros sanitarios onde se realiza tratamento con diálise a pacientes afectados de patoloxía renal.

C.2.5.6 Centros de diagnóstico: centros sanitarios dedicados a prestar servicios diagnósticos, analíticos ou por imaxe.

C.2.5.7 Centros móbiles de asistencia sanitaria: centros sanitarios que trasladan medios persoais e técnicos coa finalidade de realizaren actividades sanitarias.

C.2.5.8 Centros de transfusión: centros sanitarios nos que se efectúan calquera das actividades relacionadas coa extracción e verificación do sangue humano ou os seus compoñentes, sexa cal for o seu destino, e do seu tratamento, almacenamento e distribución cando o destino sexa a transfusión.

C.2.5.9 Bancos de tecidos: centros sanitarios encargados de conservar e garantir a calidade dos tecidos, despois da súa obtención e ata a súa utilización como aloenxertos ou autoenxertos.

C.2.5.10 Centros de recoñecemento médico: centros sanitarios onde se lles efectúan as revisións médicas e os informes de aptitude ós aspirantes ou titulares de permisos ou licencias, ou para a realización de determinadas actividades, e para a súa renovación.

C.2.5.11 Centros de saúde mental: centros sanitarios nos que se realiza o diagnóstico e o tratamento en réxime ambulatorio das enfermidades mentais.

C.2.5.90. Outros centros especializados: son aqueles centros especializados que non se axustan ás características de ningún dos grupos anteriores.

C.2.90 Outros provedores de asistencia sanitaria sen internamento: prestadores de asistencia sanitaria a pacientes non ingresados que non se axustan ás características de ningún dos grupos anteriores.

C.3 *Servicios sanitarios integrados nunha organización non sanitaria*: servicios que realizan actividades sanitarias pero que están integrados en organizacións nas que a principal actividade non é sanitaria (prisión, empresa, balneario, residencia de terceira idade...).

ESTABLECEMENTOS SANITARIOS

E.1 *Oficinas de farmacia*: establecementos sanitarios privados de interese público, suxeitos á planificación sanitaria que establezan as comunidades autónomas, nas que o farmacéutico titular-propietario daquelas, asistido, se é o caso, de axudantes ou auxiliares, debe prestar á poboación os servicios básicos recollidos no artigo 1 da Lei 16/1997, do 25 de abril, de regulación dos servicios das oficinas de farmacia.

E.2 *Boticas anexas*: establecementos sanitarios autorizados para o depósito, conservación e dispensación de medicamentos e produtos sanitarios, pola existencia de dificultades especiais de accesibilidade a unha oficina de farmacia.

E.3 *Ópticas*: establecementos sanitarios onde, baixo a dirección técnica dun diplomado en óptica e optometría, se realizan actividades de avaliación das capacidades visuais mediante técnicas optométricas; tallado, montaxe, adaptación, subministración, venda, verificación e control dos medios adecuados para a prevención, detección, protección, mellora da agudeza visual; axudas en baixa visión e adaptación de próteses oculares externas.

E.4 *Ortopedias*: establecementos sanitarios onde, baixo a dirección técnica de persoal coa titulación oficial, cualificación profesional ou experiencia requiridas conforme a lexislación vixente, se leva a cabo a dispensación, con adaptación individualizada ó paciente, de produtos sanitarios de ortopedia considerados como próteses ou órteses, así como axudas técnicas destinadas a paliar a perda de autonomía ou funcionalidade ou capacidade física dos usuarios.

E.5 *Establecementos de audiopróteses*: establecementos sanitarios onde, baixo a dirección técnica de persoal coa titulación oficial, cualificación profesional ou experiencia requiridas conforme a lexislación vixente, se leva a cabo a dispensación, con adaptación individualizada ó paciente, de produtos sanitarios dirixidos á corrección de deficiencias auditivas.

OFERTA ASISTENCIAL

A oferta asistencial dos centros sanitarios anteriormente indicados poderá estar integrada por un ou varios dos seguintes servicios ou unidades asistenciais:

U.1 *Medicina xeral/de familia*: unidade asistencial na que un médico/especialista en medicina familiar e comunitaria é responsable de prestar servicios de prevención e promoción da saúde, diagnóstico ou tratamento básicos en réxime ambulatorio.

U.2 *Enfermería*: unidade asistencial na que persoal de enfermería é responsable de desenvolver funcións e actividades propias da súa titulación.

U.3 *Enfermería obstétrico-xinecolóxica (matrona)*: unidade asistencial na que unha matrona é responsable de desenvolver funcións e actividades destinadas a prestarlles atención ás mulleres no embarazo, parto e puerperio, e ó neonato.

U.4 *Podoloxía*: unidade asistencial na que un podólogo é responsable de prestar coidados específicos propios da súa titulación relacionados coa patoloxía dos pés.

U.5 *Vacunación*: unidade asistencial onde persoal sanitario conserva e administra vacinas. As funcións de custodia e conservación destas estarán baixo a responsabilidade dun farmacéutico.

U.6 *Alergoloxía*: unidade asistencial na que un médico especialista en alergoloxía é responsable de realizalo estudio, diagnóstico e tratamento da patoloxía producida por mecanismos inmunolóxicos, especialmente de hipersensibilidade.

U.7 *Cardioloxía*: unidade asistencial na que un médico especialista en cardioloxía é responsable de realizalo estudio, diagnóstico e tratamento das enfermidades cardiovasculares.

U.8 *Dermatoloxía*: unidade asistencial na que un médico especialista en dermatoloxía médico-cirúrxica e venereoloxía é responsable de realizalo estudio, diagnóstico e tratamento de pacientes afectados de patoloxía relacionada coa pel e os tecidos anexos.

U.9 *Aparello dixestivo*: unidade asistencial na que un médico especialista en aparello dixestivo é respon-

sable de realiza-lo estudio, diagnóstico e tratamento de pacientes afectados de patoloxía dixestiva.

U.10 *Endocrinoloxía*: unidade asistencial na que un médico especialista en endocrinoloxía e nutrición é responsable de realiza-lo estudio, diagnóstico e tratamento de pacientes afectados de patoloxía relacionada co sistema endócrino, así como do metabolismo e das consecuencias patolóxicas derivadas das súas alteracións.

U.11 *Nutrición e dietética*: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun facultativo, se encarga da adecuada nutrición dos pacientes ingresados e dos que precisan continua-lo tratamento tralo ingreso.

U.12 *Xeriatria*: unidade asistencial na que un médico especialista en xeriatria é responsable de realiza-lo estudio, diagnóstico e tratamento da patoloxía da idade avanzada.

U.13 *Medicina interna*: unidade asistencial na que un médico especialista en medicina interna é responsable de realiza-lo estudio, diagnóstico e tratamento médico de pacientes afectados de patoloxía diversa.

U.14 *Nefroloxía*: unidade asistencial na que un médico especialista en nefroloxía é responsable de realiza-lo estudio, diagnóstico e tratamento de pacientes con enfermidades do ril e as vías urinarias, así como con procesos xerais que poden te-la súa orixe nun mal funcionamento renal.

U.15 *Diálise*: unidade asistencial na que un médico especialista en nefroloxía é responsable de que se realice o tratamento con diálise a pacientes afectados de patoloxía renal.

U.16 *Pneumoloxía*: unidade asistencial na que un médico especialista en pneumoloxía é responsable de realiza-lo estudio, diagnóstico e tratamento de pacientes afectados de patoloxía respiratoria.

U.17 *Neuroloxía*: unidade asistencial na que un médico especialista en neuroloxía é responsable de realiza-lo estudio, diagnóstico e tratamento médico de pacientes afectados de patoloxía relacionada co sistema nervioso central e periférico.

U.18 *Neurofisioloxía*: unidade asistencial na que un médico especialista en neurofisioloxía clínica é responsable de realiza-la exploración funcional do sistema nervioso central e periférico, con fins de diagnóstico, prognóstico ou orientación terapéutica.

U.19 *Oncoloxía*: unidade asistencial na que un médico especialista en oncoloxía médica é responsable de realiza-lo estudio, diagnóstico, tratamento e seguimento de pacientes con neoplasias.

U.20 *Pediatría*: unidade asistencial na que un médico especialista en pediatría e as súas áreas específicas é responsable de lles prestar cuidados específicos a pacientes en idade pediátrica, encargándose do estudio do seu desenvolvemento, o diagnóstico e o tratamento das súas enfermidades.

U.21 *Cirurxía pediátrica*: unidade asistencial na que un médico especialista en cirurxía pediátrica é responsable de realiza-lo estudio, diagnóstico e tratamento en procesos cirúrxicos específicos da idade infantil.

U.22 *Coidados intermedios neonatais*: unidade asistencial na que, baixo a responsabilidade dun médico especialista en pediatría e as súas áreas específicas, se realiza a atención do neonato de idade xestacional superior a 32 semanas ou peso superior a 1.500 gramos con patoloxía leve que necesita técnicas especiais de coidados medios.

U.23 *Coidados intensivos neonatais*: unidade asistencial na que, baixo a responsabilidade dun médico especialista en pediatría e as súas áreas específicas, se realiza a atención do neonato con patoloxía médico-cirúrxica, con compromiso vital, que precisa de medios e coidados especiais de forma continuada.

U.24 *Reumatoloxía*: unidade asistencial na que un médico especialista en reumatoloxía é responsable de

realiza-lo estudio, diagnóstico e tratamento de pacientes afectados de patoloxía reumática.

U.25 *Obstetricia*: unidade asistencial na que un médico especialista en obstetricia e xinecoloxía é responsable de presta-la atención do embarazo, parto e puerperio.

U.26 *Xinecoloxía*: unidade asistencial na que un médico especialista en obstetricia e xinecoloxía é responsable de realiza-lo estudio, diagnóstico e tratamento de patoloxía inherente ó aparello xenital feminino e á mama.

U.27 *Inseminación artificial*: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun médico especialista en obstetricia e xinecoloxía, ten como finalidade a fecundación humana mediante inseminación artificial con seme fresco, capacitado ou crioconservado, procedente do home da parella ou de doador, segundo o caso.

U.28 *Fecundación in vitro*: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun médico especialista en obstetricia e xinecoloxía e un facultativo con formación e experiencia en bioloxía da reprodución, ten por finalidade a fecundación mediante transferencia de embrións, transferencia intratubárica de gametos e outras técnicas afíns previamente avaliadas.

U.29 *Banco de seme*: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun facultativo, ten como finalidade a obtención, avaliación, conservación e distribución de seme humano para a súa utilización nas técnicas de reprodución humana asistida e que desenvolven, ademais, as actividades precisas para a selección e o control dos doadores.

U.30 *Laboratorio de seme para capacitación espermática*: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun facultativo, leva a cabo a adecuación dos espermatozoides para a súa función reproductora.

U.31 *Banco de embrións*: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun facultativo, se encarga da crioconservación de embrións para transferencias con fins procreadores ou métodos de investigación/experimentación legalmente autorizados.

U.32 *Recuperación de oocitos*: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun facultativo, se encarga da realización das actividades precisas para a obtención e o tratamento de gametos con fins procreadores ou métodos de investigación/experimentación legalmente autorizados.

U.33 *Planificación familiar*: unidade asistencial na que un médico especialista en obstetricia e xinecoloxía é responsable de prestar servicios de atención, información e asesoramento relacionados coa reprodución, concepción e contracepción humana.

U.34 *Interrupción voluntaria do embarazo*: unidade asistencial na que un médico especialista en obstetricia e xinecoloxía é responsable de levar a cabo a práctica do aborto terapéutico e euxenésico, nos supostos legalmente permitidos.

U.35 *Anestesia e reanimación*: unidade asistencial na que un médico especialista en anestesioloxía e reanimación é responsable de lle aplicar ó paciente técnicas e métodos para facelo insensible á dor e protexelo da agresión antes, durante e despois de calquera intervención cirúrxica ou obstétrica, de exploracións diagnósticas e de traumatismos, así como de mante-las súas condicións vitais en calquera das situacións citadas.

U.36 *Tratamento da dor*: unidade asistencial na que un médico especialista é responsable de aplicar técnicas e métodos para lle eliminar ou alivia-la dor, de calquera etioloxía, ó paciente.

U.37 *Medicina intensiva*: unidade asistencial na que un médico especialista en medicina intensiva é responsable de que se lles preste a atención sanitaria precisa, continua e inmediata, a pacientes con alteracións fisio-

patolóxicas que acadaron un nivel de severidade tal que representan unha ameaza actual ou potencial para a súa vida e, ó mesmo tempo, son susceptibles de recuperación.

U.38 *Queimados*: unidade asistencial pluridisciplinar que, baixo a responsabilidade dun médico especialista, atende pacientes afectados por lesións producidas por alteracións térmicas nos tecidos e que pola súa extensión, profundidade ou localización son consideradas graves ou críticas.

U.39 *Anxioloxía e cirurxía vascular*: unidade asistencial na que un médico especialista en anxioloxía e cirurxía vascular é responsable de realiza-lo estudio, diagnóstico e tratamento, médico e cirúrxico, das enfermidades vasculares, exceptuando as cardíacas e intracraniais.

U.40 *Cirurxía cardíaca*: unidade asistencial na que un médico especialista en cirurxía cardiovascular é responsable de realiza-lo estudio e o tratamento cirúrxico de patoloxías cardíacas.

U.41 *Hemodinámica*: unidade asistencial na que, baixo a responsabilidade dun médico especialista con experiencia en hemodinamia, se realizan procesos vasculares ou cardiolóxicos intervencionistas con finalidade diagnóstica e/ou terapéutica.

U.42 *Cirurxía torácica*: unidade asistencial na que un médico especialista en cirurxía torácica é responsable de realiza-lo estudio e tratamento dos procesos específicos que afectan a rexión anatómica do tórax, que inclúe parede torácica, pleura, pulmón, mediastino, árbore traqueo-bronquial, esófago e diafragma.

U.43 *Cirurxía xeral e dixestivo*: unidade asistencial na que un médico especialista en cirurxía xeral e do aparello dixestivo é responsable de realiza-las intervencións en procesos cirúrxicos relativos a patoloxía abdominal, do aparello dixestivo, do sistema endócrino, da cabeza e pescozo (con exclusión da patoloxía específica doutras especialidades cirúrxicas), da mama e da pel e partes brandas.

U.44 *Odontoloxía/estomatoloxía*: unidade asistencial na que un odontólogo ou estomatólogo é responsable de realizar actividades profesionais encamiñadas á promoción da saúde bucodental, levando a cabo a prevención, o diagnóstico e o tratamento das anomalías e enfermidades dos dentes, a boca, os maxilares e os tecidos anexos no individuo e na comunidade, así como a prescrición de medicamentos, próteses e produtos sanitarios no ámbito do seu exercicio profesional.

U.45 *Cirurxía maxilofacial*: unidade asistencial na que un médico especialista en cirurxía oral e maxilofacial é responsable de realiza-lo estudio, diagnóstico e tratamento das enfermidades da cavidade bucal e da cara.

U.46 *Cirurxía plástica e reparadora*: unidade asistencial na que un médico especialista en cirurxía plástica, estética e reparadora é responsable de realiza-la corrección cirúrxica de procesos conxénitos, adquiridos, tumoraís ou involutivos que requiren reparación ou reposición de estruturas superficiais que afectan a forma e a función corporal.

U.47 *Cirurxía estética*: unidade asistencial na que un médico especialista en cirurxía plástica, estética e reparadora ou outro especialista cirúrxico no ámbito da súa respectiva especialidade é responsable de realizar tratamentos cirúrxicos, con finalidade de mellora estética corporal, facial ou capilar.

U.48 *Medicina cosmética*: unidade asistencial na que un médico é responsable de realizar tratamentos non cirúrxicos, con finalidade de mellora estética corporal ou facial.

U.49 *Neurocirurxía*: unidade asistencial na que un médico especialista en neurocirurxía é responsable de realizarlles intervencións a pacientes con procesos cirúrxicos relativos ó sistema nervioso.

U.50 *Oftalmoloxía*: unidade asistencial na que un médico especialista en oftalmoloxía é responsable de realiza-lo estudio, diagnóstico e tratamento dos defectos e das enfermidades dos órganos da visión.

U.51 *Cirurxía refractiva*: unidade asistencial na que un médico especialista en oftalmoloxía é responsable de realizar toda unha serie de técnicas cirúrxicas destinadas a modifica-los defectos de refracción, ben mediante o uso do láser ben mediante cirurxía intraocular.

U.52 *Otorrinolaringoloxía*: unidade asistencial na que un médico especialista en otorrinolaringoloxía é responsable de realiza-lo estudio, diagnóstico e tratamento de procesos patolóxicos do oído, das fosas nasais e dos seos paranasais, da farinxe e da larinxe.

U.53 *Uroloxía*: unidade asistencial na que un médico especialista en uroloxía é responsable de realiza-lo estudio, diagnóstico e tratamento de afeccións específicas do aparello urinario masculino e feminino e do aparello xenital masculino.

U.54 *Litotricia renal*: unidade asistencial na que un médico especialista en uroloxía é responsable de realizar tratamentos, mediante un litotritor, de fragmentación de cálculos renais.

U.55 *Cirurxía ortopédica e traumatoloxía*: unidade asistencial na que un médico especialista en cirurxía ortopédica e traumatoloxía é responsable de realiza-lo estudio, desenvolvemento, conservación e restablecemento da forma e da función das estruturas músculo-esqueléticas, por medios médicos, cirúrxicos e físicos.

U.56 *Lesionados medulares*: unidade asistencial pluridisciplinar na que, baixo a supervisión dun médico especialista, se lles proporciona asistencia sanitaria especializada e rehabilitación integral a tódalas persoas afectadas por unha lesión medular (paraplexía e tetraplexía) ou calquera outra gran discapacidade física, desde unha perspectiva que abrangue tanto os aspectos médico-cirúrxicos coma os psicolóxicos e sociais.

U.57 *Rehabilitación*: unidade asistencial na que un médico especialista en medicina física e rehabilitación é responsable de realiza-lo diagnóstico, a avaliación, a prevención e o tratamento da incapacidade encamiñándose a facilitar, manter ou devolve-lo maior grao de capacidade funcional e independencia posible ó paciente incapacitado, co fin de integralo no seu medio habitual.

U.58 *Hidroloxía*: unidade asistencial na que un médico especialista en hidroloxía médica é responsable da utilización de augas mineromedicinais e termais con fins terapéuticos e preventivos para a saúde.

U.59 *Fisioterapia*: unidade asistencial na que un fisioterapeuta é responsable de realizar funcións e actividades propias da súa titulación, con finalidade preventiva, educativa ou terapéutica, para o tratamento das enfermidades que cursan con discapacidades ou a recuperación da funcionalidade utilizando axentes físicos.

U.60 *Terapia ocupacional*: unidade asistencial na que, baixo a responsabilidade dun terapeuta ocupacional, se utilizan con fins terapéuticos as actividades de autocoidado, traballo e ocio para que os pacientes adquiran o coñecemento, as destrezas e as actitudes necesarias para desenvolver-las tarefas cotiás requiridas e consigan o máximo de autonomía e integración.

U.61 *Logopedia*: unidade asistencial na que un logopeda é responsable de realiza-la prevención, o estudio e a corrección dos trastornos da linguaxe.

U.62 *Foniatría*: unidade asistencial na que un médico é responsable de estudar e proporcionar tratamentos a pacientes afectados de alteracións da voz e o seu mecanismo.

U.63 *Cirurxía maior ambulatoria*: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun médico especialista, se dedica á realización de procedementos cirúrxicos

terapéuticos ou diagnósticos, realizados con anestesia xeral, loco-rexional ou local, con ou sen sedación, que requiren coidados postoperatorios de curta duración, polo que non necesitan ingreso hospitalario.

U.64 *Cirurgía menor ambulatoria*: unidade asistencial onde, baixo a responsabilidade dun médico, se realizan procedementos terapéuticos ou diagnósticos de baixa complexidade e minimamente invasivos, con baixo risco de hemorraxia, que se practican baixo anestesia local e que non requiren coidados postoperatorios, en pacientes que non precisan ingreso.

U.65 *Hospital de día*: unidade asistencial onde, baixo a supervisión ou indicación dun médico especialista, se leva a cabo o tratamento ou os coidados de enfermos que deben ser sometidos a métodos de diagnóstico ou tratamento que requiran durante unhas horas atención continuada médica ou de enfermería, pero non o internamento no hospital.

U.66 *Atención sanitaria domiciliaria*: unidade asistencial pluridisciplinar que, baixo a supervisión ou indicación dun médico, desenvolve actividades para lles prestar atención sanitaria a persoas enfermas no seu propio domicilio.

U.67 *Coidados paliativos*: unidade asistencial pluridisciplinar, con ou sen equipos de coidados domiciliarios que, baixo a responsabilidade dun médico, presta a atención a pacientes en situación terminal.

U.68 *Urxencias*: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun médico, está destinada á atención sanitaria de pacientes con problemas de etiología diversa e gravidade variable, que xeran procesos agudos que necesitan de atención inmediata.

U.69 *Psiquiatría*: unidade asistencial na que un médico especialista en psiquiatría é responsable de realiza-lo estudio, diagnóstico e tratamento dos trastornos mentais e do comportamento.

U.70 *Psicología clínica*: unidade asistencial na que un psicólogo especialista en psicología clínica, dentro do campo da súa titulación, é responsable de realizar diagnósticos, avaliacións e tratamentos de carácter psicolóxico daqueles fenómenos psicolóxicos, conductuais e relacionais que inciden na saúde dos seres humanos.

U.71 *Atención sanitaria a drogodependentes*: unidade asistencial pluridisciplinar na que, baixo a supervisión dun facultativo sanitario, se prestan servizos de prevención, atención e rehabilitación ó drogodependente, mediante a aplicación de técnicas terapéuticas.

U.72 *Obtención de mostras*: unidade asistencial, vinculada a un laboratorio clínico, na que persoal sanitario con titulación adecuada realiza a obtención, recepción, identificación, preparación e conservación dos espécimes ou das mostras biolóxicas de orixe humana, responsabilizándose da mostra ata a súa entrega ó laboratorio correspondente.

U.73 *Análises clínicas*: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun facultativo especialista en análises clínicas, realiza unha serie de actuacións que a través de probas diagnósticas analíticas, probas funcionais ou de laboratorio e a súa correlación fisiopatolóxica axudan ó diagnóstico, ó prognóstico, á terapéutica médica e á prevención da enfermidade.

U.74 *Bioquímica clínica*: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun facultativo especialista en bioquímica clínica, aplica os métodos químicos e bioquímicos de laboratorio necesarios para a prevención, diagnóstico, prognóstico e evolución da enfermidade, así como da súa resposta ó tratamento.

U.75 *Inmunoloxía*: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun facultativo especialista en inmunoloxía, está dedicada a obter a información necesaria para o estudio, diagnóstico e tratamento de pacientes

con enfermidades causadas por alteracións dos mecanismos inmunolóxicos e das situacións nas que as manipulacións inmunolóxicas forman unha parte importante do tratamento ou da prevención.

U.76 *Microbioloxía e parasitoloxía*: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun facultativo especialista en microbioloxía e parasitoloxía, está dedicada ó estudio dos microorganismos relacionados coa especie humana, centrándose no home enfermo ou portador de enfermidades infecciosas para o seu diagnóstico, estudio epidemiolóxico e orientación terapéutica.

U.77 *Anatomía patolóxica*: unidade asistencial na que, baixo a responsabilidade dun médico especialista en anatomía patolóxica, se realizan estudos, por medio de técnicas morfolóxicas, das causas, do desenvolvemento e das consecuencias da enfermidade; a súa finalidade é o diagnóstico correcto de biopsias, pezas cirúrxicas, citoloxías e autopsias.

U.78 *Xenética*: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun facultativo con formación adecuada, está dedicada á realización de probas xenéticas e a emisión dos dictames correspondentes con fins diagnósticos.

U.79 *Hematoloxía clínica*: unidade asistencial na que un médico especialista en hematoloxía e hemoterapia é responsable de realiza-lo estudio, diagnóstico e tratamento de pacientes afectados de patoloxía relacionada co sangue e os órganos hematopoéticos.

U.80 *Laboratorio de hematoloxía*: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun médico especialista en hematoloxía e hemoterapia, está dedicada á obtención de mostras de orixe humana, á realización de determinacións hematolóxicas e á emisión dos dictames correspondentes con fins diagnósticos.

U.81 *Extracción de sangue para doazón*: unidade asistencial, vinculada a un centro de transfusión, na que, baixo a responsabilidade dun médico, efectúa extraccións de sangue persoal de enfermería debidamente adestrado, nun vehículo ou en salas públicas ou privadas adaptadas para o efecto.

U.82 *Servicio de transfusión*: unidade asistencial dun centro hospitalario, vinculada a un centro de transfusión, na que, baixo a responsabilidade dun médico especialista en hematoloxía e hemoterapia, se almacena e distribúe sangue e compoñentes sanguíneos e na que se poden realizar probas de compatibilidade de sangue e compoñentes para uso exclusivo nas súas instalacións, incluídas as actividades de transfusión hospitalaria.

U.83 *Farmacia*: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun farmacéutico, ou farmacéutico especialista en farmacia hospitalaria no caso de hospitais, leva a cabo a selección, adquisición, conservación, dispensación, preparación, seguimento e información sobre os medicamentos que se van utilizar no centro e aqueles que requiren unha especial vixilancia, supervisión e control do equipo multidisciplinar de saúde.

U.84 *Depósito de medicamentos*: unidade asistencial, dependente dunha oficina ou servizo de farmacia, na que se conservan e lles dispensan medicamentos ós pacientes atendidos no centro no que está localizada.

U.85 *Farmacoloxía clínica*: unidade asistencial na que un médico especialista en farmacoloxía clínica é responsable de realiza-lo estudio do efecto dos medicamentos no home, observando e cuantificando os seus efectos farmacolóxicos, a avaliación dos seus efectos terapéuticos e analizando as reaccións adversas.

U.86 *Radioterapia*: unidade asistencial na que, baixo a responsabilidade dun médico especialista en oncoloxía radioterápica, se levan a cabo tratamentos con radiacións ionizantes e terapéuticas asociadas, fundamentalmente no caso de pacientes oncolóxicos.

U.87 *Medicina nuclear*: unidade asistencial na que, baixo a responsabilidade dun médico especialista en

medicina nuclear, se realizan procesos diagnósticos ou terapéuticos mediante isótopos radioactivos, radiacións nucleares, variacións electromagnéticas do núcleo atómico e técnicas biofísicas similares.

U.88 Radiodiagnóstico: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun médico especialista en radiodiagnóstico, está dedicada ó diagnóstico e ó tratamento das enfermidades utilizando como soporte técnico fundamental as imaxes e os datos funcionais obtidos por medio de radiacións ionizantes ou non ionizantes e outras fontes de enerxía.

U.89 Asistencia a lesionados e contaminados por elementos radioactivos e radiacións ionizantes: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun médico, leva a cabo o tratamento das secuelas radioactivas, profesionais ou de orixe fortuíta das que padezan persoas ou colectivos humanos.

U.90 Medicina preventiva: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun médico especialista en medicina preventiva e saúde pública, leva a cabo funcións de control interno para evitar e previlos riscos para a saúde dos pacientes derivados das actividades do centro sanitario no que estea localizada.

U.91 Medicina da educación física e o deporte: unidade asistencial na que un médico especialista en medicina da educación física e o deporte é responsable de realizar estudos das funcións orgánicas e realiza diagnósticos e tratamentos específicos para persoas que se dedican á práctica deportiva.

U.92 Medicina hiperbárica: unidade asistencial vinculada a un centro hospitalario que, baixo a responsabilidade dun médico, ten como finalidade a administración de osíxeno puro ó organismo, nun medio presurizado, con fins diagnósticos ou terapéuticos.

U.93 Extracción de órganos: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun médico especialista, se encarga da obtención, mediante extracción, de órganos de doador vivo ou morto para a súa implantación nun organismo receptor, de acordo coa lexislación vixente sobre a materia.

U.94 Transplante de órganos: unidade asistencial, que baixo a responsabilidade dun médico especialista, ten como finalidade a utilización terapéutica dos órganos humanos, que consiste en substituír un órgano enfermo, ou a súa función, por outro san procedente dun doador vivo ou morto, de acordo coa lexislación vixente sobre a materia.

U.95 Obtención de tecidos: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun médico especialista, realiza calquera das actividades destinadas a dispoñer de tecidos e células de orixe humana ou a posibilitar o uso de residuos cirúrxicos coas finalidades a que se refire a normativa vixente sobre a materia.

U.96 Implantación de tecidos: unidade asistencial que, baixo a responsabilidade dun médico especialista, realiza calquera das actividades que implican utilización terapéutica de tecidos humanos, e engloba as accións de transplantar, enxertar ou implantar.

U.97 Banco de tecidos: unidade técnica que, baixo a responsabilidade dun facultativo, ten por misión conservar e garanti-la calidade dos tecidos, despois da súa obtención e ata a súa utilización clínica como aloenxertos ou autoenxertos.

U.98 Medicina aeronáutica: unidade asistencial na que, baixo a responsabilidade dun médico examinador autorizado segundo establece a normativa vixente, se realizan os recoñecementos, informes e avaliacións médicas requiridas para a emisión dos certificados médicos esixidos ós titulares de licencias e habilitacións aeronáuticas, polas normas reguladoras destas.

U.99 Medicina do traballo: unidade preventivo-asistencial que, baixo a responsabilidade dun médico espe-

cialista en medicina do traballo ou diplomado en medicina de empresa, desenvolve as funcións de vixilancia da saúde dos traballadores reguladas pola Lei de prevención de riscos laborais e a súa normativa de desenvolvemento.

U.100 Transporte sanitario (estrada, aéreo, marítimo): unidade asistencial que ten por obxecto o desprazamento de persoas enfermas, accidentadas ou por outra razón sanitaria, en vehículos terrestres, aéreos ou marítimos, especialmente acondicionados para o efecto.

U.101 Terapias non convencionais: unidade asistencial na que un médico é responsable de realizar tratamentos das enfermidades por medios de medicina naturista ou con medicamentos homeopáticos ou mediante técnicas de estimulación periférica con agullas ou outros que demostren a súa eficacia e a súa seguraza.

U.900 Outras unidades asistenciais: unidades que, baixo a responsabilidade de profesionais sanitarios, capacitados pola súa titulación oficial ou habilitación profesional, non se axustan ás características de ningunha das anteriormente definidas por realizaren actividades sanitarias innovadoras ou en fase de avaliación clínica.

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

19626 REAL DECRETO 1272/2003, do 10 de outubro, polo que se regulan as condicións para a declaración de equivalencia de títulos españois de ensino superior universitario ou non universitario ós títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. («BOE» 255, do 24-10-2003.)

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, establece no seu artigo 36.2.a) que o Goberno, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria, regulará as condicións para a declaración de equivalencia de títulos españois de ensino superior universitario ou non universitario ós títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Desde que o artigo 149.1.30.^a da Constitución lle atribuíu ó Estado a competencia exclusiva para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e a Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, recolleu a existencia de títulos equivalentes ós títulos universitarios de carácter oficial, son numerosos os supostos en que, dunha maneira singular, se veu declarando a equivalencia de títulos e diplomas, ben con respecto a grao académico de carácter oficial ou ben, aínda que en menor medida, con respecto a titulacións universitarias específicas do catálogo de títulos universitarios oficiais.

Porén, ata o momento non se dictou unha norma de procedemento que regule, con carácter xeral, as condicións para que os títulos españois de ensino superior, universitario ou non universitario, poidan ser declarados equivalentes ós títulos universitarios de carácter oficial.

En virtude do mandato legal mencionado, este real decreto establece, en primeiro lugar, un procedemento, nos artigos 3 e 4, no cal, para obter a equivalencia, se require o cumprimento duns requisitos xerais, se valora o contido das ensinanzas de que se trate, o desenvolvemento dos correspondentes plans de estudio, a capacidade docente e investigadora do profesorado e cantas